



# XOVES

## I+D+i

Estimados/as amigos/as:

Dende a [Axencia Galega de Innovación \(GAIN\)](#) continuamos informando sobre as novidades de [Horizon 2020](#), adicando un novo boletín ás a [grandes iniciativas](#) que se desenvolven no marco deste Programa.

As políticas de I+D da Comisión Europea foron complementándose con outros programas e iniciativas: as [Asociacións Publico Privadas \(PPP\)](#), as [Iniciativas Tecnolóxicas Conxuntas \(JTI\)](#), as [Iniciativas de Programación Conxunta \(JPI\)](#), as [Asociacións Europeas para a Innovación \(EIP\)](#), as [ERA-NETS](#) e as [iniciativas baixo o artigo 185 do Tratado](#).

As iniciativas baixo o artigo 185 supoñen a Integración de Programas Nacionais seguindo o texto do Tratado: "Na execución do Programa Marco plurianual, a Comunidade poderá prever, de acordo cos Estados membros interesados, unha participación en programas de investigación e desenvolvemento emprendidos por varios Estados membros, incluída a participación nas estruturas creadas para a execución destes programas".

Existen varios programas dentro deste marco iniciados durante o Sétimo Programa Cadro e que teñen a súa **continuidade en Horizon 2020**:

[AAL-2 \(Active and Assisted Living Joint Programme\)](#) que fomenta a investigación para un envellecemento saudable.

[BONUS-169](#) dirixido á investigación no Mar Báltico.

[EMPIR](#), de investigación en metroloxía.

[EDCTP-2 \(European Development Clinical Trials Partnership\)](#) que incentiva os estudos contra o sida, a malaria e a tuberculose.

[EUROSTARS 2](#) ten como obxectivo esencial estimular o crecemento económico e a creación de emprego mediante o impulso da competitividade e da I+D+i desenvolvida polas PEMEs a través da colaboración trasnacional.

Actualmente conta coa participación de 25 Estados membros de [EUREKA](#) e a CE, nun apoio decidido ás PEMEs innovadoras europeas. Estímase que os proxectos EUROSTARS alcancen un orzamento total de máis de 2.000 M€ entre 2014 e 2020.

As entidades participantes nos proxectos EUROSTARS reciben as axudas a nivel nacional por medio das súas Axencias financiadoras. As condicións de elegibilidade son definidas en cada país por estas Axencias.

En España, o Ministerio de Economía e Competitividade, a través do

CDTI, é responsable da xestión do programa.

Agardamos que esta información sexa do teu interese, despedímonos até o vindeiro xoves!



Se non desexa recibir este boletín pode vostede darse de baixa enviando un mail a [informa.gain@xunta.es](mailto:informa.gain@xunta.es) dende a conta na que desexe anular a suscripción.